



Expte. 4.513/440

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE:

REDACCIÓN DO PROXECTODAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA PROVINCIAL EP-2002 GRAN VÍA-AVDA MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN, ENTRE GRAN VÍA E ARQUITECTO PALACIOS.

INFORME:

A mesa de contratación celebrada o pasado 7 de xuño realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. Nesta mesa acordase outorgar un prazo de tres días hábiles ao seguinte licitador:

- Aquática Ingeniería Civil, S.L.

Transcorrido o prazo, a citada empresa presenta a documentación solicitada e celébrase unha nova mesa en data 14 de xuño na que foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

- | | |
|--|---|
| 1. CLOTHOS | 7. UTE INGENIERÍA DEL NOROESTE S.L. - GALAICONTROL, S.L. |
| 2. PROYFE, S.L. | 8. AQUÁTICA INGENIERÍA CIVIL, S.L. |
| 3. UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. - EIC DURAN, S.L. | 9. URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L. |
| 4. PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES S.L. | 10. TÉCNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYPESA). |
| 5. GOC, S.A. | 11. SGS TECNOS, S.A. |
| 6. INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS, S.L. | 12. ICEACSA CONSULTORES, S.L.U. |
| | 13. EPTISA SERVICIOS DE INGENIERÍA. |

A vista da magnitude da información que inclúen as ofertas e a cantidade de licitadores admitidos no proceso, o Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario e responsable do contrato, solicita informe técnico de valoración das ofertas, propoñendo revisión e valoración a diferentes técnicos tendo en conta o apartado a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC do PCAP.

Así o reparto técnico para a valoración das ofertas se plantexa dun modo coherente coa propia distribución establecida no PCAP, do seguinte modo:

- O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos municipal valorará o criterio B.1- VALORACIÓN DA MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR: (apartado 8.A.1, das FEC).
- O Enxeñeiro de Edificación municipal valorará o criterio B.2.- VALORACIÓN DA MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO: (apartado 8.A.2, das FEC).

Páx. 1 de 39



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Expediente 4513/440

Data impresión: 07/07/2017 11:51

Páxina 1 de 39

Código de verificación: 25ED4-243A8-CDBC4-A2EE3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.513/440

- A Enxeñeira de Obras Públicas municipal valorará o criterio B.3.- VALORACIÓN DA PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE: (apartado 8.A.3, das FEC).

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido no apartado 8.A., das FEC, no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor así como as regras de puntuación.

De acordo co recollido nos apartados 7.A, e 8.A., das FEC, para a avaliación das ofertas presentadas polos licitadores no “sobre B” o presente informe atenderá os seguintes criterios:

A.- REVISIÓN DO CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS ESTABLECIDOS NO APARTADO 7.A DAS FEC, SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”.

A análise do cumprimento dos requisitos da documentación presentada por cada licitador no sobre “B”, atopase indicada no primeiro párrafo de cada apartado da valoración realizada a cada unha das empresas licitadoras. Se recolle, para cada licitador o resultado da revisión da citada documentación, tendo en conta os requisitos para a presentación da documentación recollidos no apartado 7.A das FEC para cada un dos tres criterios a avaliar, indicando as incidencias en relación a non cumprir ditos requisitos no referente a extensión da documentación presentada e o peso dos arquivos presentados.

Segundo se recolle no apartado 8.A. das FEC, cando a documentación relativa aos citados criterios presentada *non cumbran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas ou de arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados a cada criterio. Fíxase un umbral mínimo de puntuación: serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50% da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.*

B.- AVALIACIÓN TÉCNICA E PUNTUACIÓN SOBRE O CONTIDO DA DOCUMENTACIÓN APORTADA POR CADA LICITADOR NO SOBRE “B”. MEMORIA CONSTRUTIVA DOS CRITERIOS DE EXECUCIÓN TÉCNICA DA OBRA: (apartado 8.A.1, das FEC)

A memoria ten unha valoración máxima de **36 puntos**. A avaliación da documentación presentada por cada licitador atopase recollida indicando para os diferentes criterios a avaliar de acordo co estipulado nos apartados 7.A. e 8.A. das FEC as puntuacións obtidas a xuízo de valor dos técnicos que subscriben cada apartado.

Para asignación da puntuación en cada un dos apartados en que se divide cada criterio, se outorgará a máxima puntuación do apartado a avaliar a que se considere que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os aspectos descritos anteriormente e puntuando as restantes ofertas, en función da documentación presentada, comparándoa coa oferta de maior puntuación.

A memoria divídese nos seguintes tres criterios:





Expte. 4.513/440

B.1.- Memoria técnica dos traballos a realizar. Se valorará con ata **36 puntos**. A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.a) das FEC deberá incluír:

O licitador presentará memoria técnica que expoña a proposta de contidos e o desenrolo dos traballos a realizar con indicación dos condicionantes que presentan estes, de modo que se poda coñecer o alcance dos traballos e se demostre coñecemento da problemática do traballo a realizar.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

1.- Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: valorarase con ata **12 puntos**

Incluirá unha descrición do ámbito de actuación dende tódolos puntos de vista que poidan afectar aos criterios de deseño da actuación e ao desenrolo dos traballos de redacción.

2.- Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: valorarase con ata **12 puntos**

Incluirá unha descrición do alcance dos traballos a realizar, os condicionantes que se poden presentar, e a incidencia destes sobre o desenrolo dos traballos.

3.- Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: valorarase con ata **12 puntos**

Incluirá un programa de traballos coa planificación das actividades a desenrolar, en relación aos períodos de execución, e aos equipos materiais e humanos que se propoñen para a execución do contrato. Os prazos parciais como o total que figuren no programa de traballos non poderán ser superiores ao establecido na cláusula 4 do prego de prescricións técnicas.

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes **circunstancias**:

- O bo coñecemento da problemática a resolver e dos condicionantes externos.
- A adaptación de cada un dos documentos aos contidos indicados.
- O grado de detalle e a concreción de todos e cada unha das consideracións da memoria.
- A xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos.
- A coherencia de todos os documentos.
- O maior alcance da calidade a obter en materia do obxecto do contrato.
- A precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da servizo de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.

B.2.- Memoria descriptiva do equipo de recursos humanos adscritos ao proxecto: Se valorará con ata **7 puntos**. A valoración deste criterio foi realizada polo Enxeñeiro de Edificación, segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.b) das FEC deberá incluír:





Expte. 4.513/440

O licitador presentará memoria descriptiva que recolla organigrama coa organización dos recursos humanos con indicación da experiencia, cualificación e formación do equipo humano. A experiencia deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto. Achegará información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade do proxecto.

A puntuación distribuirase nos seguintes apartados:

1.- Organización dos recursos humanos: valorarase con ata **3 puntos**

Incluirá un organigrama explicativo da dedicación dos técnicos a realización das distintas actividades comprendidas no traballo, e a descrición e xustificación das actuacións e funcións do equipo humano que se propoña adscribir ao contrato.

2.- Experiencia, cualificación e formación do equipo humano: valorarase con ata **4 puntos**

Especificarase a experiencia acreditada en relación ás peculiaridades de cada posto de traballo descrito, a cualificación e formación.

Este equipo deberá atoparse identificado e adaptado ás peculiaridades propias deste proxecto, valorándose a experiencia acreditada así como a cualificación e formación en proxectos de similares características, debendo achegarse unha proposta específica de compromiso de adscrición ao servizo dos profesionais que vaian intervir.

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes circunstancias:

- A adaptación do equipo aos contidos indicados.
- O grado de detalle e a concreción de todos e cada unha das traballos a realizar polos membros do equipo.
- A experiencia acreditada en proxectos de similares características.
- A cualificación e formación adecuada aos traballos a realizar.
- A coherencia de todos os documentos.
- Organización adecuada do equipo humano a intervir no traballo.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.

B.3.- Proposta de control de calidade: Se valorará con ata **2 puntos**. A valoración deste criterio foi realizada pola Enxeñeira de Obras Públicas, segundo se recolle literalmente no apartado 7.A.1.c) das FEC deberá incluír:

O licitador deberá expoñer as medidas que propón para controlar e garantir a calidade dos traballos. Expresará a calidade a obter na execución do servizo obxecto do contrato, así como o marco de xestión da calidade e os controis de calidade que propoña realizar. Todas as indicacións deberán ter unha relación directa co obxecto do proxecto. Achegará información gráfica, esquemas e diagramas adecuados á peculiaridade do proxecto.

Incluirá a descrición analítica e detallada de:

- As medidas que propón o licitador para controlar e garantir a calidade dos traballos a executar.





Expte. 4.513/440

- Plan de autocontrol interno da empresa en aqueles procesos relacionados directamente coa execución do obxecto do proxecto.
- Organización dedicada ao control de calidade.

A puntuación para cada apartado asignarase tendo en conta as seguintes circunstancias:

- A adaptación de cada un dos documentos aos contidos indicados.
- O grado de detalle e a concreción de todos e cada unha das consideracións da proposta.
- A xustificación da metodoloxía indicada para a execución dos traballos.
- A coherencia de todos los documentos.
- O maior alcance da calidade a obter en materia do obxecto do contrato.
- A precisión na identificación dos principais procesos e condicionantes.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente, as regras de puntuación indicadas no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.

Según se recolle no apartado 8.A. das FEC a puntuación dos criterios avaliados mediante xuízo de valor será outorgada seguindo as seguintes regras:

- As propostas que non cumpran cos requisitos de tamaño de arquivo máximo, do nº de follas máximas ou de arquivo único, serán obxecto de valoración técnica, pero a puntuación será a metade dos puntos asignados a cada criterio.
- Fíxase un **umbral mínimo de puntuación**: serán excluídas do proceso de licitación as ofertas que non acaden na puntuación dos criterios de xuízo de valor o 50 % da puntuación máxima da totalidade dos mesmos, por considerarse que teñen unha calidade técnica inadecuada.

De acordo cos aspectos indicados no presente informe, a continuación detállase e motivase a valoración realizada para cada unha das empresas licitadoras:





Expte. 4.513/440

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

CLOTHOS

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria analiza escasamente o ámbito de actuación no relativo a algúns dos principais condicionantes (como son a sección tipo, as redes de servizos e os cruces con outras vías) pero sen un alto grado de detalle. Non se demostra o coñecemento do ámbito de actuación e os condicionantes deste, bótase en falta destacar convenientemente a maioría, como son os referentes a orografía, o planeamento, os usos e equipamentos na contorna, a seguridade viaria, o transporte público, o estado actual da pavimentación, xardinería ou mobiliario urbano.

A información gráfica aportada considérase pouco relevante.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria recolle esquema dos traballos a desenvolver para cada unha das fases e detalla moitos dos procesos a desenvolver na execución do proxecto, pero presenta un alto grado de xeneralidades e de falta de adaptación aos procedementos específicos para a presente licitación, sendo máis propio dun vial interurbano, polo que se lle outorga unha puntuación de **4 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo plantexa os medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación grafiado en diagrama de Gantt, no que se identifica o camiño crítico. Bótase en falta a asignación de medios materiais. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **9 PUNTOS**.





Expte. 4.513/440

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 12 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación en semanas da dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 PUNTOS**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para os principais profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa experiencia profesional (non se aporta para os xeólogos ou topógrafos).

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas, arquitecto, enxeñeiro agrónomo, enxeñeiros técnicos topógrafos, técnicos superiores de formación profesional, xeólogos) considérase adecuada para o proxecto.

Non se xustifica formación específica en prevención de riscos laborais para o técnico encargado da redacción do estudo de seguridade e saúde.

Para aqueles membros do equipo de traballo para os que se aporta xustificación da experiencia, esta resulta relevante no ámbito das infraestruturas viarias e urbanización.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 PUNTOS**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.





Expte. 4.513/440

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

Aporta información gráfica relevante, esquemas e diagramas comprensivos da actuación.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un arquitecto con 10 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,8 PUNTOS**.*

PROYFE,S.L.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con concreción de algúns dos condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros a orografía, a sección tipo, o transporte público ou as redes de servizos. Bótase en falta maior grado de coñecemento de algúns dos condicionantes da actuación, como son a análise dos usos e equipamentos do entorno, e maior grado de adecuación da análise ao obxecto da licitación (inclúese unha referencia ao deseño da cimentación das estruturas dos pasos soterrados que non resultaría de aplicación).

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **6 PUNTOS**.*

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria recolle esquema dos traballos a desenvolver para cada unha das fases e estudos e detalla moitos dos procesos a desenvolver na execución do proxecto, pero presenta un alto grado de xeneralidades e de falta de adaptación aos procedementos específicos para a presente licitación. Así, inclúense referencias a ensaios xeotécnicos a recibir do Concello, a cálculos de pantallas ou unha futura pasarela peatonal, que non resultan de aplicación.





Expte. 4.513/440

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **4 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descripción das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, con proposta de planificación e coordinación en cada unha de elas, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo se plantexa os medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación grafiado en diagrama de gant.

Bótase en falta indicación dos medios materiais, polo que se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado, excluindo as páxinas en branco. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 29 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación das horas de dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 PUNTOS**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecta, arquitectos técnicos, enxeñeiros e enxeñeiros técnicos industriais, enxeñeiro técnico forestal, enxeñeiros agrónomos, xeólogo, biólogo, arqueólogo, técnicos de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.





Expte. 4.513/440

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos infraestruturas viarias e de ordenación de contornos urbanos.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,5 PUNTOS**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado, excluindo as páxinas en branco. Valorarase con ata **2 puntos**.*

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (dous enxeñeiros de camiños, canais e portos con 9 e 3 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,7 PUNTOS**.*

UTE ORDENACIÓN TERRITORIAL INFRAESTRUTURAS E MEDIOAMBIENTE, S.L. - EIC DURAN, S.L.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros a orografía, o contexto do vial na trama urbana e a súa evolución histórica, a sección tipo da vía, os distintos usos da mesma e do seu entorno, a seguridade viaria, as redes de servizo e estado actual da vía (firme, iluminación, xardinería).

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle a análise do ámbito de actuación e os seus condicionantes que afectan a

Páx. 10 de 39



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/07/2017 11:51

Páxina 10 de 39

Expediente 4513/440

Código de verificación: 25ED4-243A8-CDBC4-A2EE3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.513/440

*execución do proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **12 PUNTOS**.*

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria describe os condicionantes dos traballos a desenvolver na execución do proxecto no referente as diversas redes soterradas, topografía, xeotecnia, tráfico e xeometría.

*A memoria recolle detalladamente a problemática específica a resolver adaptada aos posibles sistemas construtivos para a execución do proxecto, pero non presenta un alto grado de detalle no desenvolvemento dos principais procesos na redacción do proxecto, no referente a estudos e cálculos necesarios e tarefas a realizar polo que se lle outorga unha puntuación de **8 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, con proposta de planificación e coordinación en cada unha delas, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo se plantexa os medios materiais dispoñibles e os medios humanos necesarios e a distribución temporal e dedicación destes en cada fase de actuación grafiado en diagrama de gantt con indicación específica de camiño crítico das actuacións a levar a cabo.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle a análise da planificación da execución do contrato en relación aos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se lle outorga unha puntuación de **12 PUNTOS**.*

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.*

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 17 técnicos, con detalle que se considera adecuado.





Expte. 4.513/440

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro, con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación de se a dedicación é completa ou parcial).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 PUNTOS**.*

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para todos os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecto, arquitecto técnico, enxeñeiro técnico industrial, topógrafo, xeólogo, biólogo, arqueólogo, técnicos superiores de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (máster en prevención de riscos laborais) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos de obra civil. Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de viais e proxectos de ordenación de contornos urbanos.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que xustifica o equipo humano con maior grado de adaptación aos contidos e singularidades do proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **4 PUNTOS**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.*

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión da calidade, indicando que se axusta á norma ISO 9001, pero bótase en falta que o sistema de xestión estea certificado por un Organismo de Certificación.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Autocontrol a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver. Aporta información gráfica relevante, esquemas e diagramas comprensivos da actuación.





Expte. 4.513/440

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un auxiliar de topografía con 19 anos de experiencia), que se considera aceptable.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,3 PUNTOS**.*

PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES, S.L.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros a sección tipo existente, xardinería actual, pavimentación, orografía, circulación rodada e peonil, transporte público, mobiliario urbano existente, usos e equipamentos colindantes, seguridade viaria e redes de servizos existentes.

*A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes pero sen un alto grado de detalle na análise dos condicionantes do planeamento urbanístico, disponibilidade de terreos ou mobilidade ciclista polo que se lle outorga unha puntuación de **10 PUNTOS**.*

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria indica o alcance dos traballos segundo as fases e estudos indicados no prego de licitación.

Describe e concreta os traballos a desenvolver na execución do contrato, con alto grado de detalle para cada un deles e dos cálculos necesarios e a metodoloxía a seguir para a súa realización. Neste sentido precisa e identifica os procesos e traballos a realizar con alto grado de concreción no referente aos estudos previos e aos cálculos das redes de servizos urbanos.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle e coñecemento os procedementos a desenvolver na execución do proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **12 PUNTOS**.*





Expte. 4.513/440

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descripción das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, con proposta de planificación e coordinación en cada unha de elas, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo se plantexa os medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación grafiado en diagrama de gantt.

Bótase en falta maior concreción dos recursos materiais asignados, polo que se lle outorga unha puntuación de **10 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 6 técnicos, con detalle que se considera suficiente.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro, con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación de dedicación completa).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,25 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para todos os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

O licitador presenta a cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiro de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas, arquitecto técnico, enxeñeiro civil, técnicos superiores de formación profesional) asignados ao proxecto. Non se xustifica formación específica en prevención de riscos laborais para o técnico encargado da redacción do estudo de seguridade e saúde.

Presenta referencias de coñecemento do entorno e experiencia en actuacións de ordenación de contornos urbanos.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,25 puntos**.





Expte. 4.513/440

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión da calidade, pero bótase en falta que o sistema de xestión estea certificado por un Organismo de Certificación.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver, así como información gráfica, esquemas e diagramas comprensivos da actuación.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un enxeñeiro civil), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,2 puntos**.

G.O.C.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros a orografía; sección tipo existente; pavimentación; circulación rodada, ciclista e peonil; transporte público; usos e equipamentos colindantes: seguridade viaria e redes soterradas existentes.

A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes, e fai propostas de solucións e identificación de oportunidades, pero bótase en falta maior detalle na análise dos condicionantes do planeamento urbanístico, dispoñibilidade de terreos, accesibilidade ou estado actual da iluminación, mobiliario urbano e ubicación de contenedores de limpeza, polo que se lle outorga unha puntuación de **10 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.





Expte. 4.513/440

A memoria indica o alcance dos traballos e aspectos a resolver. Recolle esquema dos traballos desenvolvidos segundo as fases e estudos indicados no prego de licitación, con indicación dos condicionantes, procedementos e proposta de solucións. Bótase en falta maior detalle na descrición dos principais procesos e cálculos, adaptados a particularidade do presente proxecto, polo que se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, con proposta de planificación e coordinación en cada unha de elas, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo se plantexa os medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación grafiado en diagrama de gantt con indicación específica do camiño crítico das actuacións a levar a cabo.

Bótase en falta indicación dos equipos materiais e a inclusión das interfases de supervisión por parte dos servizos municipais, polo que se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 10 técnicos. Considérase que o equipo proposto presenta gran adecuación ao traballo a desenvolver, aínda que se considera escasa a información de tipo gráfico e esquemas aportados.

Xustifica a actuación e función asignada a cada membro do equipo humano que propón adscribir ao contrato. Considérase adecuado ás necesidades da actuación a desenvolver.

Indica de xeito moi detallado e adecuado a dedicación prevista de cada un dos técnicos ao proxecto (con indicación da porcentaxe de dedicación ao contrato en cada unha das súas fases).

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,75 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para os 10 profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.





Expte. 4.513/440

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, enxeñeiro industrial, enxeñeiro técnico agrícola, técnico superior formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos de edificación e obra civil. Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de viais e proxectos de ordenación de contornos urbanos.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle un equipo humano con maior grado de adaptación aos contidos e singularidades do proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **4 puntos**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.*

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un técnico con 10 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,7 puntos**.*

INGENIA PROYECTOS TÉCNICOS

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros o planeamento; o

Páx. 17 de 39



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/07/2017 11:51

Páxina 17 de 39

Expediente 4513/440

Código de verificación: 25ED4-243A8-CDBC4-A2EE3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.513/440

contexto do vial na trama urbana; usos e equipamentos colindantes; circulación rodada e peonil; transporte público; seguridade viaria e redes soterradas existentes.

A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes, pero bótase en falta maior detalle na análise dos condicionantes orográficos, disponibilidad de terreos, circulación ciclista, estado actual da pavimentación, sección tipo actual, mobiliario urbano ou xardinería, polo que se lle outorga unha puntuación de **8 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria indica o alcance dos traballos segundo as fases e estudos indicados no prego de licitación.

Describe e concreta os traballos a desenvolver na execución do contrato, cun grado de detalle que se considera adecuado para cada un deles e dos cálculos necesarios e a metodoloxía a seguir para a súa realización. Neste sentido precisa e identifica os procesos e traballos a realizar con alto grado de concreción no referente aos estudos previos. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo se plantexa distribución temporal das actuacións en cada fase grafiado en diagrama de gantt, e indicación de medios materiais asignados.

Bótase en falta indicación da dedicación consumida polos recursos humanos en cada unha das actividades, polo que se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 10 técnicos, con detalle que se considera adecuado.





Expte. 4.513/440

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama, con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación de porcentaxe de tempo de dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para todos os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecto, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico forestal; topógrafo, técnicos superiores de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (máster en prevención de riscos laborais) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos de obra civil. Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de viais e proxectos de ordenación de contornos urbanos.

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que xustifica o equipo humano con maior grado de adaptación aos contidos e singularidades do proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **4 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión da calidade, indicando que se axusta á norma ISO 9001, pero bótase en falta que o sistema de xestión estea certificado por un Organismo de Certificación.

O licitador resume a metodoloxía do Plan de Calidade a aplicar ao proxecto. Inclúense varias referencias que non están relacionadas co proxecto (Se tendrá en cuenta la influencia de la ampliación del PTL en la IMD de la carretera. También será preciso el detalle de la topografía del cauce natural al sur del ámbito...) nen coa fase dos traballos a realizar (referencias ao Plan de Seguridade e Saúde en vez de Estudo de Seguridade e Saude).





Expte. 4.513/440

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsalbe de calidade a un arquitecto con 20 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **0,9 puntos**.*

UTE INGENIERÍA DEL NOROESTE, S.L. - GALAICONTROL

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción para algúns dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros a sección tipo; circulación rodada e peonil; seguridade viaria; accesibilidade; estado actual da pavimentación, redes soterradas existentes, iluminación, xardinería e limpeza.

*A memoria analiza convenientemente o ámbito de actuación no relativo a algúns dos condicionantes, pero bótase en falta maior detalle na análise dos condicionantes orográficos; o planeamento, o contexto do vial na trama urbana, a disponibilidad de terreos, e a análise dos colindantes e equipamentos existentes no ámbito;o cruce con outras vías, circulación ciclista,transporte público, mobiliario urbano. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **7 PUNTOS**.*

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

*A memoria recolle esquema dos traballos a desenvolver en fases que non se axustan as previstas no prego da licitación. Presenta un alto grado de xeneralides e de falta de adaptación aos procedementos específicos para a presente licitación, sendo máis propio dun vial interurbano. Non ten en conta que a topografía é entregada polo Concello e explica que esta se definirá cunha metodoloxía que non aplica a presente licitación. Fai referencia a realización dunha prospección xeofísica, desmontes en macizos rocosos, cunetas, baixantes escalonadas, que non aplican na presente licitación. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3 PUNTOS**.*





Expte. 4.513/440

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta un Diagrama de Gantt no que se representan cronolóxicamente as actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, e o camiño crítico, pero as fases non se axustan as previstas no prego da licitación. Non se describen os medios materiais previstos para a execución do contrato. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **4 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 12 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación en porcentaxe da dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para os principais profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa experiencia profesional (non se aporta para algún dos perfís presentados: xeólogo, responsable de medio ambiente e calidade). Considérase escasa a experiencia xustificada para o técnico responsable das redes de servizos.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas, arquitecto, enxeñeiro agrónomo, enxeñeiro técnico topógrafo, técnicos superiores de formación profesional, xeólogo, enxeñeiro de minas) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (máster técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Para aqueles membros do equipo de traballo para os que se aporta xustificación da experiencia, esta resulta relevante no ámbito das infraestruturas viarias e urbanización, así coma o coñecemento do entorno.





Expte. 4.513/440

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,75 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

Indícase que as empresas que constitúen a unión temporal de empresas posúen sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, aínda que debe sinalarse que o alcance do certificado da empresa Galaicontrol non se axusta ás características do traballo a desenvolver (laboratorio de ensayo para el control de calidad para la edificación y obra civil).

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Control da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que é demasiado xenérico e centrado no control documental, e bótase tamén en falta información gráfica, esquemas e diagramas comprensivos da actuación.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un licenciado en ciencias do mar con 14 anos de experiencia), que se considera aceptable.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,3 puntos**.

AQUÁTICA INGENIERIA CIVIL, S.L.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros o planeamento; o contexto do vial na trama urbana e a súa evolución histórica; a dispoñibilidade de terreos; os equipamentos e usos colindantes; a circulación rodada e peonil e o cruce con outras vías; a accesibilidade; as redes de servizos e iluminación pública; o estado da pavimentación, mobiliario urbano e xardinería.

A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes, aporta información gráfica relevante para a comprensión dos mesmos e fai propostas de solucións para os problemas detectados, pero bótase en falta maior





Expte. 4.513/440

*detalle na análise dos condicionantes orográficos, circulación ciclista e transporte público. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.*

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria indica o alcance dos traballos e aspectos a resolver. Recolle esquema dos traballos desenvolvidos según as fases e estudos indicados no prego de licitación.

*Describe e concreta os traballos a desenvolver na execución do contrato, con alto grado de detalle e concreción para a fase de estudos previos, pero bótase en falta maior definición no referente ao detalle dos diferentes estudos e cálculos que debe comprender o proxecto constructivo, polo que se lle outorga unha puntuación de **8 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo plantéxanse os medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación coa súa dedicación. Aporta diagrama de gantt coa distribución temporal de cada unha das actividades previstas.

*Bótase en falta indicación dos equipos materiais, polo que se lle outorga unha puntuación de **10 PUNTOS**.*

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.*

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 11 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación de porcentaxe de tempo de dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.





Expte. 4.513/440

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para todos os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecto, enxeñeiro industrial, enxeñeiros técnicos forestais; enxeñeiro técnico topógrafo, licenciada en ciencias do mar, técnicos superiores de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (máster técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos de obra civil. Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de viais e proxectos de ordenación de contornos urbanos.

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que xustifica o equipo humano con maior grado de adaptación aos contidos e singularidades do proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **4 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un técnico con 10 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,7 puntos**.

URBING PROYECTOS DE URBANISMO E INGENIERÍA CIVIL, S.L.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.





Expte. 4.513/440

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros o planeamento; o contexto do vial na trama urbana e a súa evolución histórica; a dispoñibilidade de terreos; os equipamentos e usos colindantes; a circulación rodada e peonil e o cruce con outras vías; a accesibilidade; as redes de servizos e iluminación pública; o estado da pavimentación, mobiliario urbano e xardinería.

A memoria analiza convenientemente e con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes, pero bótase en falta incorporar a análise da mobilidade ciclista. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria indica o alcance dos traballos e aspectos a resolver. Recolle esquema dos traballos desenvolvidos segundo as fases e estudos indicados no prego de licitación, con indicación dos condicionantes, e a incidencia destes no desenvolvemento do proxecto. Bótase en falta maior grado de detalle na descrición dos principais procesos e cálculos, adaptados a particularidade do presente proxecto, polo que se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo plantéxanse os medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación coa súa dedicación. Aporta diagrama de gantt coa distribución temporal de cada unha das actividades previstas con indicación do camiño crítico. Bótase en falta indicación detalle dos equipos materiais asignados. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

Páx. 25 de 39



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/07/2017 11:51

Páxina 25 de 39

Expediente 4513/440

Código de verificación: 25ED4-243A8-CDBC4-A2EE3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>



Expte. 4.513/440

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 5 técnicos, con detalle que se considera suficiente.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro, con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación de dedicación completa).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,25 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para os cinco técnicos que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico adscrito (enxeñeiro de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiros técnicos industriais, técnicos superiores de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (máster técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos de obra civil. Considérase especialmente relevante o coñecemento do entorno e a alta experiencia en actuacións con peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de viais e proxectos de ordenación de contornos urbanos.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,75 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

O licitador adxunta certificado do sistema de xestión de calidade segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver, aínda que debe sinalarse que o certificado presentado non está vixente.





Expte. 4.513/440

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e inclúe información gráfica e esquemas comprensivos, pero bótase en falta maior adecuación da proposta ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un enxeñeiro técnico de obras públicas con 5 anos de experiencia), que se considera adecuada .

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,5 puntos**.*

TÉCNICAS Y PROYECTOS, S.A. (TYP SA)

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.*

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros o contexto do vial na trama urbana; a dispoñibilidade de terreos; os equipamentos e usos colindantes; a circulación rodada e peonil, o transporte público, a seguridade viaria e o cruce con outras vías; a accesibilidade; as redes de servizos e iluminación pública; o estado da pavimentación, mobiliario urbano, contenedores de limpeza e xardinería.

*A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes e fai propostas de solucións para os problemas detectados, pero bótase en falta maior detalle na análise dos condicionantes orográficos, do planeamento, e a circulación ciclista. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.*

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria recolle esquema dos traballos a desenvolver para cada unha das fases e estudos e detalla moitos dos procesos a desenvolver na execución dun proxecto, pero presenta un alto grado de xeneralidades e de falta de adaptación aos procedementos específicos para a presente licitación. Así, indícase que o Concello facilitará un estudio xeotécnico; inclúense referencias a





Expte. 4.513/440

cálculo dos elementos mecánicos e da estrutura de cubrición, e ao cálculo de taboleiros e pilas de pasos, que non aplican ao presente proxecto,
Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **4 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descripción somera das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, incluíndo algunha que non resulta de aplicación (revestimiento do túnel, instalacións e medidas de seguridade do túnel). Así mesmo se plantexa os medios materiais e humanos necesarios coa dedicación prevista ao proxecto.

Non se inclúe a planificación temporal dos traballos solicitada no prego da licitación para este apartado, remitindo dita información a posteriores apartados da oferta presentada.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **5 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorárase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 15 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

Xustifica a actuación e funcións asignadas a cada membro do equipo humano que propón adscribir ao contrato. Considérase adecuado ás necesidades da actuación a desenvolver.

Detalla a dedicación prevista de cada un dos técnicos ao proxecto (con indicación dos días de traballo adicados ao contrato en cada unha das súas fases).

En relación coa información gráfica, ademais do organigrama, aporta gráficas comprensivas da asignación de traballos por niveis xerárquicos e por áreas funcionais.

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle a organización de recursos humanos adscritos ao proxecto, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **3,0 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:





Expte. 4.513/440

O licitador presenta para os 15 profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitectos, enxeñeiros técnicos industriais, enxeñeiro técnico forestal, enxeñeiro de minas, químico, xeólogo) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos infraestruturas viarias e de ordenación de contornos urbanos.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,25 puntos**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.*

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, e aporta información gráfica relevante, esquemas e diagramas comprensivos da actuación. Especifica a repercusión das actividades preistas no Plan de Aseguramento da Calidade no programa de traballos presentado na oferta.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (un enxeñeiro de minas con 27 anos de experiencia e un licenciado en ciencias documentais con 16 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle e coherencia a proposta de plan de control de calidade, polo que se lle outorga a máxima puntuación do presente apartado, **2,0 puntos**.*





Expte. 4.513/440

SGS TECNOS, S.A.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con indicación de algúns dos condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros o contexto do vial na trama urbana, a sección tipo, o transporte público, a accesibilidade, o estado actual da pavimentación e mobiliario urbano.

Bótase en falta maior grado de coñecemento de algúns dos condicionantes básicos da actuación, como son entre outros a análise dos usos e equipamentos presentes no entorno, o cruce con outras vías, as redes de servizos soterradas, a iluminación, a ubicación dos contenedores de limpeza ou a mobilidade ciclista. Estas carencias na análise afectan a aspectos básicos que afectan ao desenvolvemento do proxecto. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **6 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria recolle esquema dos traballos a desenvolver para cada unha das fases e detalla algúns dos procesos a desenvolver na execución do proxecto, pero presenta un alto grado de xeneralidades e de falta de adaptación aos procedementos específicos para a presente licitación, sendo máis propio dun vial interurbano. Fai referencia a supervisión do proxecto de trazado existente, que non aplica á presente licitación. Non se considera acertada a normativa seleccionada para a execución do proxecto (Recomendaciones para la redacción de estudios de carreteras del Ministerio de Fomento; Instrucción de Trazado 3.1-IC; Orden Circular de Accesos nas estradas convencionais da Comunidade Autónoma de Galicia). Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.





Expte. 4.513/440

Presenta un Diagrama de Gantt no que se representan cronolóxicamente as actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación. Non se identifica a relación entre as distintas tarefas nen o camiño crítico. Considérase pobre a información gráfica aportada.

Bótase en falta relacionar o cronograma cos equipos de traballo e a dedicación específica dos recursos humanos, así como maior detalle das fases polo que se lle outorga unha puntuación de **5 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 6 técnicos. Analízase con pouco nivel de detalle a adscripción dos técnicos ás distintas tarefas en cada unha das fases do proxecto. Non se especifica a dedicación ao contrato dos distintos profesionais.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,0 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para todos os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

O licitador presenta a cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecto, enxeñeiro técnico industrial, técnicos superiores de formación profesional) asignados ao proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Presenta referencias de experiencia en actuacións de infraestruturas viarias e ordenación de contornos urbanos.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,0 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.





Expte. 4.513/440

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver. Inclúese tamén un certificado da empresa THEMA SL, que non resulta de aplicación á presente oferta.

O licitador resume a metodoloxía do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Inclúense varias referencias que non están relacionadas coa fase dos traballos a realizar (referencias ao Xefe de la Unidad de Control y Vigilancia, a Asistencia Técnica a Dirección de Obras....), así como referencias a las empresas que conforman la UTE, que non son de aplicación a presente oferta.

O licitador non concreta a composición do equipo técnico adicado ao control de calidade.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **0,6 puntos**.

ICEACSA CONSULTORES, S.L.U.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O archivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Se valorará con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros a orografía; o planeamento e o contexto do vial na trama urbana; os equipamentos e usos colindantes; a circulación rodada e peonil, o transporte público, a seguridade viaria e o cruce con outras vías; a accesibilidade; as redes de servizos e iluminación pública; o estado da xardinería, mobiliario urbano e contenedores de limpeza.

A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes e aporta información gráfica relevante para a comprensión dos mesmos pero bótase en falta maior detalle na análise da disponibilidade de terreos, do estado da pavimentación, e a circulación ciclista. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria indica o alcance dos traballos segundo as fases e estudos indicados no prego de licitación.





Expte. 4.513/440

*Describe e concreta os traballos a desenvolver na execución do contrato, cun grado de detalle que se considera adecuado para cada un deles e dos cálculos necesarios e a metodoloxía a seguir para a súa realización. Neste sentido precisa e identifica os procesos e traballos a realizar con alto grado de concreción no referente aos estudos previos, e na definición da pavimentación, vexetación e mobiliario urbano.. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.*

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, adecuado aos prazos parciais recollidos no prego da licitación. Así mesmo plantexa a distribución temporal das actividades grafiado nun diagrama de Gantt, no que se identifica o camiño crítico.

Bótase en falta a adscripción de medios materiais, e en canto aos medios humanos necesarios e a distribución temporal destes en cada fase de actuación detéctanse incoherencias. A unha mesma persoa asígnaselle por un lado o rol de responsable de control de calidade, indicando que participará con 0 horas de dedicación na fase III, e máis adiante indícase que esa mesma persoa é o especialista en elevadores (actividade non contemplada no desenvolvemento da oferta) e se lle asigna carga de traballo na fase III.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **4 PUNTOS**.*

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

*O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC paa este apartado. Valorarase con ata **7 puntos**.*

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 16 técnicos, con detalle que se considera adecuado.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación das horas de dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente.





Expte. 4.513/440

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,5 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para os principais profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, arquitecta, arquitecto técnico, enxeñeiros e enxeñeiros técnicos industriais, enxeñeiro agrónomo, enxeñeira química; enxeñeiro técnico informático; técnicos de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (master técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos principais membros do equipo técnico en proxectos de edificación e obra civil. Considérase a experiencia adecuada ás peculiaridades propias deste proxecto, con referencias ao deseño de infraestruturas viarias e de ordenación de contornos urbanos.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,25 puntos**.

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

O arquivo dixital presentado para este apartado non supera os límites máximos de peso e extensión recollidos nas FEC para este apartado. Valorarase con ata **2 puntos**.

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade (asigna como responsable de calidade a un técnico con 10 anos de experiencia), que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **1,7 puntos**.





Expte. 4.513/440

EPTISA SERVICIOS DE INGENIERIA, S.L.

B.1.- MEMORIA TÉCNICA DOS TRABALLOS A REALIZAR.

O arquivo dixital presentado para este apartado supera o límite máximo de extensión e peso recollidos nas FEC, xa que presenta nun único arquivo dixital de 83 páxinas e 8,8 Mb a documentación relativa á memoria técnica, memoria descritiva do equipo de recursos humanos e requisitos da proposta de control de calidade. Valorarase con ata **36 puntos**.

a) Análise do ámbito de actuación e os condicionantes do entorno que afecten ao desenvolvemento do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

Describe o ámbito de actuación con alto grado de detalle e concreción dos principais condicionantes do entorno. Neste sentido identifica e analiza entre outros o contexto do vial na trama urbana; a sección tipo existente e os cruces con outras vías; circulación rodada e peonil; transporte público; usos e equipamentos colindantes; seguridade viaria e redes soterradas existentes; xardinería, mobiliario urbano e limpeza.

A memoria analiza convenientemente con alto grado de detalle o ámbito de actuación no relativo aos principais condicionantes, pero bótase en falta maior detalle na análise dalgúns dos principais condicionantes como orográficos, do planeamento urbanístico, disponibilidades de terreos, estado actual da iluminación e accesibilidade, polo que se lle outorga unha puntuación de **9 PUNTOS**.

b) Análise da proposta de actuación a través dunha descrición analítica e detallada dos procedementos a desenvolver na execución do proxecto: se valorará con ata 12 puntos.

A memoria indica o alcance dos traballos segundo as fases e estudos indicados no prego de licitación.

Describe e concreta os traballos a desenvolver na execución do contrato, cun grado de detalle que se considera adecuado para cada un deles e dos cálculos necesarios e a metodoloxía a seguir para a súa realización. Neste sentido precisa e identifica os procesos e traballos a realizar con alto grado de concreción para os diferentes documentos. Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **11 PUNTOS**.

c) Proposta de planificación da execución do contrato de redacción e dos procedementos de traballo en relación aos períodos de execución e aos medios necesarios para a execución do contrato: se valorará con ata 12 puntos.

Presenta descrición das actuacións a levar a cabo en cada unha das fases de actuación, con proposta de planificación e coordinación en cada unha delas, adecuado aos prazos parciais





Expte. 4.513/440

recollidos no prego da licitación. Así mesmo plantexa os medios humanos necesarios e a distribución temporal e dedicación destes en cada fase de actuación grafiado en diagrama de gantt con indicación específica do camiño crítico das actuacións a levar a cabo.

Considérase para este apartado que a análise presentada polo licitador é a que recolle con maior grado de detalle a análise da planificación da execución do contrato en relación aos medios necesarios para a execución do contrato, polo que se lle outorga unha puntuación de **12 PUNTOS**.

Tendo en conta o indicado ao comezo do presente criterio, a puntuación será a metade, polo que para este criterio se asignan a metade da suma da valoración dos apartados que o conforman, é dicir **16 PUNTOS**.

B.2.- MEMORIA DESCRIPTIVA DO EQUIPO DE RECURSOS HUMANOS ADSCRITOS AO PROXECTO.

O arquivo dixital presentado para este apartado supera o límite máximo de extensión e peso recollidos nas FEC, xa que presenta nun único arquivo dixital de 83 páxinas e 8,8 Mb a documentación relativa á memoria técnica, memoria descritiva do equipo de recursos humanos e requisitos da proposta de control de calidade. Valorarase con ata **7 puntos**.

a) Organización dos recursos humanos:

Presenta un organigrama explicativo do persoal técnico humano que se propón adscribir ao proxecto, composto por 10 persoas, con detalle que se considera suficiente.

As funcións adscritas a cada perfil aparecen reflectidas no organigrama e nun cadro con indicación da dedicación ao contrato de cada un dos dos técnicos (con indicación en porcentaxe de tempo de dedicación ao contrato).

O grado de detalle e concreción da descrición e xustificación da actividade a desenvolver por cada un dos membros do equipo considérase suficiente, excepto no caso do técnico de seguridade, ao que se lle asignan funcións propias de fase de obra (colaboración en todo lo relacionado con la seguridad y salud de las obras y control de cumplimiento del Plan de Seguridad y Salud. Asesoramiento en materia de seguridad y salud tanto al Jefe de Unidad como por el Director de las Obras...), en vez de fase de proxecto, que é o obxecto da presente licitación.

Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **2,0 puntos**.

b) Experiencia, cualificación e formación do equipo humano:

O licitador presenta para todos os profesionais que aparecen no organigrama un extracto da súa formación e cualificación, así como referencias da súa experiencia profesional.

A cualificación e formación do persoal técnico (enxeñeiros de camiños, enxeñeiro técnico de obras públicas, enxeñeiro industrial, enxeñeiro técnico industrial, enxeñeiro técnico topógrafo,





Expte. 4.513/440

enxeñeiro agrónomo, técnicos superiores de formación profesional) considérase adecuada para o proxecto.

Apórtase xustificación de formación específica en prevención de riscos laborais (técnico superior en prevención) para o técnico requerido como persoal mínimo a adscribir para a redacción do estudo de seguridade e saúde.

Apórtase xustificación da experiencia dos membros do equipo técnico en proxectos e obras de enxeñaría civil. Para o director dos traballos a experiencia máis relevante corresponde a fase de control de execución de obras, xustificando escasa experiencia en redacción de proxectos de similares características aos da licitación.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de **3,0 puntos**.*

*Tendo en conta o indicado ao comezo do presente criterio, a puntuación será a metade, polo que para este criterio se asignan a metade da suma da valoración dos apartados que o conforman, é dicir **2,5 puntos**.*

B.3.- PROPOSTA DE CONTROL DE CALIDADE.

*O arquivo dixital presentado para este apartado supera o límite máximo de extensión e peso recollidos nas FEC, xa que presenta nun único arquivo dixital de 83 páxinas e 8,8 Mb a documentación relativa á memoria técnica, memoria descritiva do equipo de recursos humanos e requisitos da proposta de control de calidade. Valorarase con ata **2 puntos**.*

Indícase que a empresa posúe sistema de xestión de calidade certificado segundo a norma ISO 9001, con alcance adecuado ás características do proxecto a desenvolver.

O licitador expón a estrutura do sistema de xestión e propón un esquema do Plan de Aseguramento da Calidade a aplicar ao proxecto. Considérase que presenta un desenvolvemento dos puntos incluídos no prego, pero bótase en falta maior adecuación ás particularidades do alcance do proxecto a desenvolver.

O licitador fai unha proposta de equipo técnico adicado ao control de calidade, composta por 3 técnicos, que se considera adecuada, e independente do equipo redactor.

*Considerando o anterior, outórgaselle unha puntuación de 1,7 puntos, pero tendo en conta que a puntuación será a metade, asígnanse **0,85 puntos**.*





Expte. 4.513/440

C.- CADRO RESUMEN DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUIZO DE VALOR:

De acordo cos aspectos, motivación e puntuación indicados no presente informe, se emite a táboa do ANEXO I, que se xunta ao presente informe, onde se resume a valoración proposta en cada criterio para cada unha das empresas licitadoras.

Do contido do presente informe e da táboa anexa, desprendese como resumen os seguintes datos de avaliación dos criterios por xuízo de valor das ofertas presentadas (sobre b “proposición avaliable mediante xuízo de valor”) para a contratación **polo procedemento aberto de:**

**REDACCIÓN DO PROXECTODAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA ESTRADA
PROVINCIAL EP-2002 GRAN VÍA-AVDA MADRID. RÚA EMILIA PARDO BAZÁN,
ENTRE GRAN VÍA E ARQUITECTO PALACIOS.**

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUIZO DE VALOR
CLOTHOS	21,80
PROYFE	26,70
UTE OTIMA-DURAN	39,80
PROYECTOS Y OBRAS DE ESTRUCTURAS E INSTALACIONES	38,70
GOC	36,45
INGENIA	35,40
UTE GCONTROL-INOR	20,55
AQUATICA	37,20
URBING	38,50
TYPSA	28,25
SGS	18,60
EPTISA	19,35
ICEACSA	33,45

NON SUPERA UMBRAL MÍNIMO DE PUNTUACIÓN

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

Páx. 38 de 39



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/07/2017 11:51

Páxina 38 de 39

Expediente 4513/440

Código de verificación: 25ED4-243A8-CDBC4-A2EE3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA
DE
FOMENTO

CONCELLO
DE VIGO



Expte. 4.513/440

Vigo, na data da sinatura electrónica

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D. Jerónimo Centrón Castaños.

A Enxeñeira de Obras Públicas D. María Francisca Arlandis Marra.

O Enxeñeiro de Edificación/Xefe da oficina de supervisión de proxectos e asistencia técnica municipal D. Aurelio Adán Fernández

REVISADO E CONFORME:

O responsable do contrato/ Xefe Administrativo e de Control Orzamentario da Concellería de Fomento D. Oscar Couce Senra.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 07/07/2017 11:51

Páxina 39 de 39

Expediente 4513/440

Código de verificación: 25ED4-243A8-CDBC4-A2EE3

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>